


A mensaxe da xente do mar



Neste vídeo podedes escoitar a realidade do mar e das súas xentes na comunidade autónoma galega



Para traballar no mar hai que ter vocación e paixón? Que nos din os/as traballadores/as do mar no vídeo sobre isto? Que idea quere transmitir o mariñeiro cando di "levar o mar dentro do corpo"?

Por que se di no vídeo que os mariñeiros galegos son moi respectados noutros lugares?

Un dos mariñeiros que falan no vídeo di que o sector necesitaría axuda Para que?

Que contan as mulleres do seu traballo no mar?

Cal é o significado das seguintes palabras?

 Algunhas destas palabras son polisémicas, teñen máis dun significado. Tedes que escoller un!

Rapeta:

Gamela:

Anguías:

Arte:


Seca:





A mensaxe da xente do mar

Rogelio, un mariñeiro comprometido de Porto do Son triunfa en redes compartindo as súas fotografías, vídeos e reflexións



Dende moi pequeno xa me gustaba ir ao mar co meu pai, co meu avó, cos meus tíos



Nado en 1978, nun pequeno pobo de Porto do Son co que comparte apelido, Queiruga, a súa conexión co mar empeza xa desde a súa tenra infancia. “En Queiruga existía un pequeno porto natural, chamado Nadelas, onde toda a xente do pobo ía ao mar. Os meus avós, o meu pai, os meus tíos, os meus veciños... eu crecín entre redes e peixes”, cóntanos Rogelio con orgullo.

Aos seus catorce anos, Rogelio deixou os estudos e comezou a axudar á súa nai na casa. Aínda que o seu interese polo traballo físico e manual levoulle a iniciarse na agricultura e a vida de labrador, a forte atracción mariña da familia puido con el e con 18 anos conseguiu o certificado necesario para botarse ao mar xunto ao seu irmán, Juan Carlos.

Xa desde esa idade, a mentalidade de coidar e respectar o mar era a prioridade número un para Rogelio: “A forma de ser e de pensar que comparto hoxe en redes é froito do que eu vivía na miña contorna. Fun educado sempre con conciencia sobre respectar e coidar o mar”, lembra. Xa con 25 anos conseguiu o título de patrón de pesca, que comparte co seu irmán ata hoxe.

Rogelio nunca se quitou a espiña de deixar os estudos e fai uns cinco anos decidiu poñerlle remedio. Acudiu ao Instituto de Ribeira para sacar o título de Educación Secundaria para Adultos de maneira presencial mentres traballaba: “Fun a estudar non para sacar o título, senón para aprender e saber. Tinga esa inqueda cultural”, confesa Rogelio.

Alí, un profesor de lingua castelá, Xabier López Marqués, recoñeceu o potencial de Rogelio como comunicador e divulgador. A súa experiencia no mar convertíalle nunha voz interesante e experimentada, polo que Xabier recomendoulle abrir un blogue tras ler os seus comentarios de texto. (Fonte: El Español)

CiberCaixa Mallos A Coruña

Un mariñeiro influencer



TIENESTALENTO




1.- Cal é o seu talento? **2.- Que se lle da ben?** **3.- Con que apoios conta?**

Ola mundo,

Unha aperta,

Rogelio

Cal é a mensaxe que quere transmitir Rogelio ao mundo ?



CiberCaixa Mallos A Coruña